Creadores en Portugal

A película máis película do cine portugués

Erase unha vez un rapaz ao que todos lle chamaban o Joao. Joao andaba por un xardín lisboeta coñecido como o Príncipe Real, un xardín de magnolios, bancos, cedro patrimonial e no que secan ao sol mulleres e homes mentres os resistentes xogan «sueca», rara mistura de tutepoker. Francisco é fillo de Joao e Joao non ten nada que facer e corre detrais de Francisco. A muller de Joao é cronista de deportes dun periódico deportivo. Cando pasen vintetrintacuarenta anos por riba das cousas que fai Joao, xa non será momento para podermos recuperar nada do seu traballo actual Imágoa! como se anda a facer mundo adiante con 20.000 inéditos que, por exemplo, deixou no seu caixón un cirrótico, vulgar empregado de oficiña, rutinario, Fernando Pessoa.

JOAO B. é a firma das suas ilustracións infantís, con meninas loiras de ar intelixentísimo, un paxaro a sair do seu ombreiro, riscos brancos de lápiz de cera, plantas lacónicamente humanizadas. Joao B. é a firma das portadas, todas desiguais, que lle van encomendando. Joao B. non é Bertolucci porque non conta historias, non é Bergman porque é antisicoloxista, non é Buñuel nen os seus contrarios, Joao B. é Botelho, poucos dentes, baixiño, 34 anos, portugués, pai de familia, coa película máis bonita e máis visible que houbo nunca na historia do cine portugués, **Conversa Acabada.**

Conversa Acabada pasa polos festivais de Londres, Edimburgo, é seleccionada para a quincena de realizadores do Cannes-81, gana o premio «Glauber Rocha» en Figueira da Foz, gana o gran premio do festival de Amberes neste marzo, o Instituto do Cine Portugués —IPC— quere levala ás xornadas do centro George Pompidou, ou París!, e, entón, Joao Botelho vai e di que non, di que a película está sendo utilizada, reducida a determinados circuitos, que, antinaturalmente, permanece meses e meses sen estrear, que está en **chômage,** en paro.

Conversa Acabada, que tivemos que ver nun pase privado, recorre, cando máis, as semanas pessoanas que se andan a organizar pola Península. Conseguiu ser unha película porque a eufemística industria do film extínguese en Portugal cando se encetan os anos cincuenta. Foi doado, pois, nacionalizar o cine no 1974. O IPC, deste xeito, convertiráse en única productora. Vaise facer, no mellor sentido da palabra, somente cine de autor. Pero agora, chegan

«Os tiburóns, os que veñen facer cine para a CEE, que van ser a morte para o cine portugués como xa o foron para o brasileiro; gangsters das coproduccións sen calidade como ese 'Conde de Montecristo, dun tal Deni Patellier, ou ese outro, Pierre Kaste, todos eles do ganchete dunha empresa pantasma, Inforgesta, a apoderarse de parte dos laboratorios, acobillada polo Estado e con vencellos a unha posible TV católica».

Unha das películas do 81 abentou a crítica francesa

Conversa Acabada, unha película ao contrario, os planos máis difíciles, os mais longos, de principio; emoción cara o fin; a muller —bon apunte para as vangardas dos anos 10— no seu minúsculo papel de amante. Segundo os códigos, **Conversa Acabada** sería estética pero incoerente, «bonita, non che sei se boa» segundo a **boutade** coa que Joao Botelho pasa a falar do seu film:

«O film é a relación (ou conversa) entre Sá Carneiro e Pessoa a traveso de dous procesos, o pessoano, de existencia anodina, branca, percorrendo cafés, proceso cerebral, de solitario, que crea e asume heterónimos, e o proceso físico, corporal, o proceso de Sá Carneiro en París, amante, tamén vangarda, que non asume aos outros seus, que se suicida. Non hai tese, non hai segredos de lectura, é a filmación das cartas que deixaron escritas; é antidialéctico, sen conflitos interiores, sen contradicións. Se eu fose un usurpador, un americano calqueira, xogaría coa emoción, ao poeta faríao sufrir cando escrebe, pero eu son antinaturalista, burrifome para a sicoloxía e o único que privilexio son os textos e a democratización da lectura dos textos: só sae ún ben lido, leo un locutor, a 'Oda Marítima', e é un recordo que teño das boas lecturas de textos na radio; pero a partir de aí, a Caeiro leo unha veciña miña, natural coma el, sen contradicións; a Reis, o latinista ateo, leo unha burguesa que pon muito enfase pero que non entende nada».

E esa lectura, lisa, que fai a veciña de Joao visualízase cunha cámara perdida que nos une coas imaxes TV, esas imaxes de cando ún agarda que pase algo, e algo non pasa, como nesa panorámica de paixase raso e ermo do Botelho, estes vacios, a proxección frontal, rudimentaria, os planos fixos, todos os medios de **Conversa Acabada** intercomunícanse tanto, tanto que ninguén botaría de menos exteriores parisinos e preferimos as postais coreadas, que de súpeto comprobamos cómo lemos sen violencia contrastes singulares de espacios, que non repelimos esa luz tamén frontal que cae sobre un tranvía no único lance de acción «ad usum» e co que se ve e se declara que Botelho colle da man a sua memoria cinematográfica, que nolo reafirma ao usar o tic de Hitchcock, o extra Botelho que pasa por unha escea á espera do mesmo metro do presuicida Sá Carneiro.

«Coido que **Conversa Acabada** é visual, que conseguín non ocultar o seu proceso de fabricación, e por iso gústame. É un film disperso, como todo o é, porque morreu o home enciclopédico e as persoas teñen de escoller fragmentariamente. Eu optei por eses tres anos Sá Carneiro - Pessoa e tróuxenos ao noso tempo; por iso, os escearios teñen máis que ver cos **bazokas** do comic que co modernismo da época; concebín a película con medios de hoxe e tamén por iso tén tres remates, é aberta».

E Joao, con outro proxecto pendente de aprobación no IPC, cun guión acabado para unha película de aventuras, arrastra minutos, con todo respeto, polos departamentos burocráticos do Instituto, busca ao produtor —afonía para quen manexa fondos públicos— e por fin! J. B. recibe un cheque. Claro que tamén a palabra cheque, aplicada a 5 contos (unhas 8.000 pesetas) non armoniza nada ben.

Margarita Ledo Andión


Xurxo Fernández

Joao Botelho


Escena de «Conversa acabada», de Joao Botelho

